

CARTA DE BASTIAN FISCHER

17 de xullo de 1918

Espero que ao recibo da presente vos atopedes ben de saúde.

Querida Grete:

Sei que en pouco tempo será o teu aniversario e é por iso polo que me atopo escribíndoche unha carta agora mesmo.

A vida aquí é moi diferente, é máis dura, aínda que non o creas. Voto de menos a cidade e aínda que o traballo na fábrica era moi duro, era mellor que isto, o único que aquí podo facer e ver como cada día os franceses matan a máis e máis compañeiros.

O incesante ruído de metralletas e cañós acompañame día e noite dende que comezou a batalla. As veces teño medo, medo de que algo me pase mentres loito, medo de morrer, de non volver a vovos. Pero saber que cando todo remate volverei a casa e estaredes alí para recibirme dame as forzas que necesito para seguir aquí, loitando, por Alemaña, por vos.

Fai unha semana xa que non sei nada do noso señor pai. Separámonos o día que chegamos pero sei que é un home valente e forte e confío en que estará ben e pronto nos reuniremos, todos o faremos, seino.

Que tal estades vos? Espero que ben. Faime o favor de dicirlle a nosa señora nai e á miña esposa que estou ben. Non podes imaxinar o moito que vos voto de menos e as ganas que teño de reunirme con vos. Teño a esperanza de que todo isto remate cedo, antes de que a miña muller traiga ao mundo ao noso fillo, para poder estar alí, axudala e coñecer ao meu fillo.

Se isto non é posible, se non volvo á casa, prométeme que coidarás moito da nosa nai e das túas irmás. Sei que eres unha rapaza moi valente e que te farás unha muller moi forte capaz de superar todo o que lle poñan por diante.

A vosa memoria mantenme con vida día a día neste mar de desesperación e temor. Prego a Deus para que nos poidamos reunir canto antes.

O teu irma maior que te quere.

Bastian Fischer